



Secc. Sindical PSA-Peugeot-Citroën

REFORMA PARA EMPOBRECER

Vigo, a 22 de Setembro de 2010

Dunha empresa coma a nosa, punteira en modificar as condicións de traballo, cabe esperar, con esta Reforma Laboral, toda unha ofensiva para que a precariedade xa existente siga estendéndose como unha mancha de aceite para toda a plantilla.

É necesario que todos tomemos conciencia do que se nos ven encima:

Despidos.-

O Goberno non só fala de abaratar o despido, senón que inclúe novas modalidades.

Colectivos.- Para as Empresas xa non é necesario xustificar documentalmente perdas, coa Reforma, é suficiente con ver diminuídos os beneficios, para proceder a ditos despidos. As indemnizacións rebáixanse a 20 días por ano, dos cales a Empresa só pagaría 12 , os outros 8 días sairían das arcas públicas, (FOGASA) é dicir, co diñeiro de todos axudaríase a subvencionar estes despedimentos, en lugar de defender o mantemento do emprego.

Exemplo: hoxe un traballador Eventual que polo Convenio do Metal percibe unha compensación de Eventualidade equivalente ó importe de 20 días por ano traballado. Ás Empresas, coa Reforma seríalles máis barato recorrer ó “despido obxectivo”.

Individuais.- Nos despidos por absentismo, un dos parámetros que as Empresas necesitaban ter como xustificante é acreditar un 5% de media, agora coa Reforma pasaría ó 2´5%. Co cal neste concepto todos/as nos atoparíamos en fóra de xogo.

Socioeconómicas.- As Empresas tamén poderán non aplicar temporalmente o Convenio Colectivo, en materia salarial, así como cambiar os horarios e as funcións dos/as traballadores/as, neste caso lamentablemente levamos vantaxe, aí esta o colectivo dos profesionais que tanto din facer falta na industria, e aquí sen ter en conta criterios precisamente de valía profesional están sendo desterrados.

Emprego.- Os defensores da Reforma tamén afirman que creará emprego e de calidade.

Calidade: Ó igual que nas anteriores Reformas se utiliza este argumento, pero a realidade é , que a precariedade no traballo non fixo máis que crecer, e o exemplo o comentaba a C.I.G. días atrás, onde os contratos de 8 horas van a menos, namentres crecen os modelos contractuais precarios. A sabendas menten, xa que nesta Reforma tamén abren máis a porta ás ETT's, (Empresas de Traballo Temporal). ¿Este é o emprego de calidade para o futuro?.

Creación: Outra “verdade” ó afirmar que se creara moito emprego, pero ó mesmo tempo pretenden que os traballadores/as acaden a xubilación ós 67 anos.

Eles saben que ademais dun retroceso neste dereito, a maioría dos traballadores/as non aguantaremos esa idade para xubilarnos. E aquí é onde ven a segunda parte, mirarémonos obrigados a xubilarnos anticipadamente, perdendo unha gran parte da pensión, aínda que nas nosas costas teñamos 35 anos cotizados. Claro que os Bancos, que tanto se preocupan polo futuro dos traballadores/as, nos ofrecerán a solución “*un plan de pensións paralelo*”. E así a banca sempre gaña.

Conclusión

A crise non é anónima ten titores con nomes propios, pero eles, os responsables deste drama que están levando a desesperanza a tantas familias de traballadores/as, dormen tranquilos porque seguen conservando os seus paraísos fiscais. Nada lles pesa haber alterado o valor das cousas, especulando con algo tan fundamental como é a vivenda. Son seres insaciáveis de poder e diñeiro que, en sintonía coa Patronal, logran deste Goberno a licenza para pretender ser os arquitectos absolutos do futuro dos/as traballadores/as.

Compañeiros/as, o día 29 esta preñado de razóns para saír, non só en contra desta Reforma, está tamén a dignidade da nosa clase e o respecto que lle debemos á memoria dos que nos precederon no mundo laboral.

Nota:

A Folga Xeral comezará o día **28 ás 22:00 horas** e rematará o día **29 ás 22:00 horas**

29 de Setembro FOLGA XERAL